A praza de touros de Vistalegre atópase en Bilbao. Trátase dunha praza de primeira categoría e unha das máis importantes de España. Ten un aforo de 14.781 espectadores e construíuse en menos de nove meses.

Como parte del compromiso de este concello con las personas con movilidad reducida o con diversidad funcional en general, las instalaciones públicas deberían cumplir las condiciones mínimas de accesibilidad universal.

El Cuartel de la Policía Local, que ya se encuentra obsoleto en muchos aspectos, carece también de zona de acceso al edificio para personas con dichas limitaciones, por lo que en caso de necesitar realizar alguna gestión en sus dependencias administrativas no tienen zona de acceso practicable, viéndose obligado el agente de servicio a bajar al área de acceso para atender a la persona interesada.

Por todo ello ruego que se lleven a cabo las obras oportunas destinadas a favorecer la accesibilidad universal de las instalaciones de la Policía Local por parte de todas las personas interesadas en alguna gestión con el fin de dar ejemplo desde nuestra administración.

Muchas gracias.

Cuarto. Ruego oral relativo al Consorcio de Turismo.

Señor Mora do Campo

Muchas gracias, buenas tardes.

La Gigafábrica 3 de Tesla es una fábrica de baterías de iones de litio situada en Shangái, China. Cuenta con una superficie de 864.885 m² y fue construida en poco más de nueve meses.

La plaza de toros de Vistalegre se encuentra en Bilbao. Se trata de una plaza de primera categoría y una de las más importantes de España. Tiene un aforo de 14.781 espectadores y se construyó en menos de nueve meses.



En 1991 o Partido Socialista promoveu a Lei Orgánica do servizo militar e nela establecía a duración do servizo en nove meses.

Pois ben, o turismo é un dos principais motores económicos do noso país, así como de Galicia e da nosa cidade. Co fin de obter os mellores resultados posibles é importante planificar, coordinar e executar co tempo suficiente e en constante comunicación cos axentes implicados. Neste sentido, o papel do Consorcio de Turismo e Congressos é fundamental para canalizar todo o traballo e a oferta.

Se para a construción da fábrica de Tesla, da praza de Vistalegre ou a instrución militar eran suficientes nove meses, parece ser que para a Presidencia do Consorcio non o son para convocar o seu padroado, que desde abril do ano pasado non se reúne, negando aos patróns a posibilidade de coñecer de primeira man os traballos que se están realizando e, así mesmo, a oportunidade de realizar achegas que vaian en beneficio dos obxectivos marcados.

En consecuencia, o Grupo municipal do Partido Popular realiza roga que se convoque de maneira inmediata o Consorcio de Turismo e Congressos da nosa cidade co fin de coñecer a memoria do exercicio de 2023 así como a planificación prevista para 2024.

Moitas grazas.

Quinto. Rogo oral relativo á colocación de puntos de luz no cruzamento da Rolda de Monte Alto co Paseo Marítimo.

Señor San Claudio Yáñez

No cruce da Rolda de Monte Alto co

En 1991 el Partido Socialista promovió la Ley Orgánica del servicio militar y en ella establecía la duración del servicio en nueve meses.

Pues bien, el turismo es uno de los principales motores económicos de nuestro país, así como de Galicia y de nuestra ciudad. Con el fin de obtener los mejores resultados posibles es importante planificar, coordinar y ejecutar con el tiempo suficiente y en constante comunicación con los agentes implicados. En este sentido, el papel del Consorcio de Turismo y Congressos es fundamental para canalizar todo el trabajo y la oferta.

Si para la construcción de la fábrica de Tesla, de la plaza de Vistalegre o la instrucción militar eran suficientes nueve meses, parece ser que para la Presidencia del Consorcio no lo son para convocar su patronato, que desde abril del año pasado no se reúne, negando a los patronos la posibilidad de conocer de primera mano los trabajos que se están realizando y, asimismo, la oportunidad de realizar aportaciones que vayan en beneficio de los objetivos marcados.

En consecuencia, el Grupo municipal del Partido Popular realiza ruego que se convoque de manera inmediata el Consorcio de Turismo y Congressos de nuestra ciudad con el fin de conocer la memoria del ejercicio de 2023 así como la planificación prevista para 2024.

Muchas gracias.

Quinto. Ruego oral relativo a la colocación de puntos de luz en el cruce de la Rolda de Monte Alto con el Paseo Marítimo.

Señor San Claudio Yáñez

En el cruce de la Rolda de Monte Alto con



Paseo Marítimo veciños e comerciantes reclaman a colocación de novos puntos de luz ante a ausencia de visibilidade ao caer a noite, o que supón un claro risco de caídas. Ademais, a falta de iluminación crea tamén unha circunstancia agravante: a inseguridade que se está a sufrir na zona os últimos meses.

En consecuencia, o Grupo municipal do Partido Popular realiza o seguinte rogo: que se proceda á colocación de maneira urxente de novos puntos de luz nas devanditas rúas.

Sexto. Rogo oral relativo á regulación da entrada de vehículos na praza das Atochas.

Os veciños e comerciantes da praza das Atochas e da praza Fonte Seoane, aledaña ao colexio la Grande Obra de Atocha, levan cinco anos reclamando unha solución respecto ós problemas que se xeneran como consecuencia das entradas de vehículos na zona, onde a circulación está restrinxida, dando lugar á imposibilidade de acceso ós garaxes. A maiores diso, os sinais atópanse nun pésimo estado de conservación, así como os bolardos e bancos, que sufriron xa distintos golpes polos vehículos que circulan de forma irregular.

En consecuencia, o Grupo municipal do Partido Popular roga que o Goberno municipal proceda a avaliar a presente situación, se reúna cos veciños da zona e aporte unha medida eficaz que restrinxa o acceso de vehículos non autorizados nesta zona.

Moitas grazas.

Sétimo. Rogo oral relativo aos bancos da praza de Lugo.

Señora No Varela

el Paseo Marítimo vecinos y comerciantes reclaman la colocación de nuevos puntos de luz ante la ausencia de visibilidad al caer la noche, lo que supone un claro riesgo de caídas. Además, la falta de iluminación crea también una circunstancia agravante: la inseguridad que se está sufriendo en la zona los últimos meses.

En consecuencia, el Grupo municipal del Partido Popular realiza el siguiente ruego: que se proceda a la colocación de manera urgente de nuevos puntos de luz en dichas calles.

Sexto. Ruego oral relativo a la regulación de la entrada de vehículos en la plaza de las Atochas.

Los vecinos y comerciantes de la plaza de As Atochas y de la plaza Fonte Seoane, aledaña al colegio la Grande Obra de Atocha, llevan cinco años reclamando una solución respecto a los problemas que se generan a consecuencia de las entradas de vehículos en la zona, donde la circulación está restringida, dando lugar a la imposibilidad de acceso a los garajes. Además de eso, las señales se encuentran en un pésimo estado de conservación, así como los bolardos y bancos, que sufrieron ya distintos golpes por los vehículos que circulan de forma irregular.

En consecuencia, el Grupo municipal del Partido Popular ruega que el Gobierno municipal proceda a evaluar la presente situación, se reúna con los vecinos de la zona y aporte una medida eficaz que restrinja el acceso de vehículos no autorizados en esta zona.

Muchas gracias.

Sétimo. Ruego oral relativo a los bancos de la plaza de Lugo.

Señora No Varela



O Grupo municipal Popular formula o seguinte rogo oral relativo aos bancos da praza de Lugo.

Pasaron escasos oito meses desde a pseudohumanización da zona da praza de Lugo na que a pesar das protestas dos vendedores do mercado e comerciantes pola supresión das prazas de aparcamento e eliminación de carrís ao tráfico, vostedes seguiron adiante co proxecto, un proxecto que parece máis de despacho que o que poida asemellarse ou necesitarse na vida real para traballar na zona e transitar por ela con axilidade, oito meses nos que cada vez os problemas de tráfico son máis recorrentes —dígallo, por exemplo, aos transportistas—, oito meses nos que acceder a esta zona comercial é cada vez máis caótico, caos como o que se formou varias veces este último Nadal polo colapso do túnel que enlaza co aparcadoiro subterráneo da praza, proxectos de despacho que poden resultar moi atractivos nunha pantalla ou nun papel, pero non na vida real, como son os bancos de pedra recubertos con finas táboas de madeira expostas ás inclemencias meteorolóxicas e que requiren un mantemento máis meticuloso, barrotes de madeira que a día de hoxe, tras soamente oito meses, xa están levantados ou desaparecidos deixando as puntas ao aire, xa oxidadas, co consecuente perigo que supón para as persoas que sentan neles ou mesmo nenos e nenas que xoguen pola zona, á parte de estar cubertos de ouriñes nos seus laterais e ademais usarse de papeleira os ocos que quedan entre os barrotes e a pedra.

Por iso rogo que se proceda a substituír as madeiras destes bancos por outro material con outro acabado e sen ocos para que non xere tanta suciedade nin teña a facilidade de levantarse deixando á vista as puntas oxidadas co consecuente

El Grupo municipal Popular formula el siguiente ruego oral relativo a los bancos de la plaza de Lugo.

Han pasado escasos ocho meses desde la pseudohumanización de la zona de la plaza de Lugo en la que a pesar de las protestas de los placeros y comerciantes por la supresión de las plazas de aparcamiento y eliminación de carriles al tráfico, ustedes han seguido adelante con el proyecto, un proyecto que parece más de despacho que lo que pueda asemejarse o necesitarse en la vida real para trabajar en la zona y transitar por ella con agilidad, ocho meses en los que cada vez los problemas de tráfico son más recurrentes —dígaselo, por ejemplo, a los transportistas—, ocho meses en los que acceder a esta zona comercial es cada vez más caótico, caos como el que se formó varias veces estas últimas Navidades por el colapso del túnel que enlaza con el parking subterráneo de la plaza, proyectos de despacho que pueden resultar muy atractivos en una pantalla o en un papel, pero no en la vida real, como son los bancos de piedra recubiertos con finas tablas de madera expuestas a las inclemencias meteorológicas y que requieren un mantenimiento más concienzudo, barrotes de madera que a día de hoy, tras solamente ocho meses, ya están levantados o desaparecidos dejando las puntas al aire, ya oxidadas, con el consiguiente peligro que supone para las personas que se sientan en ellos o incluso niños y niñas que jueguen por la zona, aparte de estar cubiertos de orines en sus laterales y además usarse de papelera los huecos que quedan entre los barrotes y la piedra.

Por ello ruego que se proceda a sustituir las maderas de estos bancos por otro material con otro acabado y sin huecos para que no genere tanta suciedad ni tenga la facilidad de levantarse dejando a la vista las puntas oxidadas con el consiguiente peligro que



perigo que xeran e, á parte, que se dote dun servizo de mantemento máis áxil e efectivo para vixiar e controlar con máis frecuencia calquera dano que poida xerarse, xa que é unha zona comercial e turística da cidade.

Oitavo. Rogo oral relativo á ducha na praia de Santo Amaro.

O Grupo municipal Popular formula o seguinte rogo oral relativo á ducha na praia de Santo Amaro.

Na praia de Santo Amaro está cortada a auga nas duchas fixas e a marea rompeu a que quedaba no acceso de persoas con discapacidade fai un par de meses. Estas duchas eran utilizadas por quen practicaba a natación nesta zona durante todo o ano.

Por tanto, rogo que o Goberno municipal instale unha ducha na praia de Santo Amaro que se poida utilizar por quen se baña durante todo o ano, xa que na actualidade leva dous meses sen poder facelo.

Noveno. Rogo oral relativo ás lousas das beirarrúas da rúa San Antonio, zona de Monte Alto.

O Grupo municipal Popular formula o seguinte rogo oral relativo ás lousas das beirarrúas da rúa San Antonio, zona de Monte Alto.

Na zona de Monte alto, trasládannos os seus veciños que na rúa San Antonio están levantadas as lousas das beirarrúas nun tramo da rúa, dificultando o paso aos viandantes e sendo á vez un lugar de posibles caídas.

Por todo iso, rogo que arranxen do xeito máis urxente posible as lousas destas beirarrúas debido a que é unha zona de paso de bastantes persoas maiores ás que

generan y, aparte, que se dote de un servicio de mantenimiento más ágil y efectivo para vigilar y controlar con más frecuencia cualquier desperfecto que pueda generarse, ya que es una zona comercial y turística de la ciudad.

Octavo. Ruego oral relativo a la ducha en la playa de San Amaro.

El Grupo municipal Popular formula el siguiente ruego oral relativo a la ducha en la playa de San Amaro.

En la playa de San Amaro está cortada el agua en las duchas fijas y la marea rompió la que quedaba en el acceso de minusválidos hace un par de meses. Estas duchas eran utilizadas por quienes practicaban la natación en esta zona durante todo el año.

Por tanto, ruego que el Gobierno municipal instale una ducha en la playa de San Amaro que se pueda utilizar por quienes se bañan durante todo el año, ya que en la actualidad lleva dos meses sin poder hacerlo.

Noveno. Ruego oral relativo a las losetas de las aceras de la calle San Antonio, zona de Monte Alto.

El Grupo municipal Popular formula el siguiente ruego oral relativo a las losetas de las aceras de la calle San Antonio, zona de Monte Alto.

En la zona de Monte alto, nos trasladan sus vecinos que en la calle San Antonio están levantadas las losetas de las aceras en un tramo de la calle, dificultando el paso a los viandantes y siendo a la vez un lugar de posibles caídas.

Por todo ello, ruego que arreglen lo más urgentemente posible las losetas de estas aceras puesto que es una zona de paso de bastantes personas mayores a las que les es



lles é moi complicado camiñar pola súa propia rúa.

Moitas grazas.

Décimo. Rogo oral relativo á mobilidade.

Señor García Fernández

Grazas, señora alcaldesa.

É un rogo oral relativo á mobilidade no barrio da Agra.

Tendo en conta que dentro das competencias e obrigas que teñen os concellos en materia de mobilidade atópanse a de prestar un maior e mellor servizo ao cidadán en canto á ordenación e o control do tráfico ou o uso das súas vías urbanas.

Por todo iso, rogo que este goberno municipal asuma as oportunas e necesarias decisións para que os veciños da rúa do alcalde Lens non se vexan afectados polas continuas retiradas de vehículos estando ben estacionados, debido a unha decisión deste concello de pintar as prazas de estacionamento en batería durante o mandato pasado, o que chega a producir que vehículos pesados como camións de lixo, bombeiros ou ambulancias, os cales non poidan atravesar a rúa porque o espazo de circulación entre os vehículos estacionados viuse reducido considerablemente e que non suceda como o pasado día 27 de decembro do 2023, que un vehículo foi retirado por estar ben estacionado ao non poder atravesar un camión de grandes dimensións. Tamén se anexa a documentación gráfica do rogo.

Moitas grazas.

Décimo primeiro. Rogo oral relativo ao

muy complicado caminar por su propia calle.

Muchas gracias.

Décimo. Ruego oral relativo a la movilidad.

Señor García Fernández

Gracias, señora alcaldesa.

Es un ruego oral relativo a la movilidad en el barrio del Agra.

Teniendo en cuenta que dentro de las competencias y obligaciones que tienen los ayuntamientos en materia de movilidad se encuentran la de prestar un mayor y mejor servicio al ciudadano en cuanto a la ordenación y el control del tráfico o el uso de sus vías urbanas.

Por todo ello, ruego que este gobierno municipal asuma las oportunas y necesarias decisiones para que los vecinos de la calle del alcalde Lens no se vean afectados por las continuas retiradas de vehículos estando bien estacionados, debido a una decisión de este ayuntamiento de pintar las plazas de estacionamiento en batería durante el mandato pasado, lo que llega a producir que vehículos pesados como camiones de basura, bomberos o ambulancias, los cuales no puedan atravesar la calle porque el espacio de circulación entre los vehículos estacionados se ha visto reducido considerablemente y que no suceda como el pasado día 27 de diciembre del 2023, que un vehículo fue retirado por estar bien estacionado al no poder atravesar un camión de grandes dimensiones. También se anexa la documentación gráfica del ruego.

Muchas gracias.

Décimo primero. Ruego oral relativo al



aparcamento dos Mallos.

Señor Deus Álvarez

Hai xa máis dun mes que se produciu un incendio no aparcamento público dos Mallos no que se calcinaron algúns vehículos e case 200 resultaron moi afectados. Na actualidade o aparcamento desaloxouse e atópase pechado ao uso.

Por iso rogamos que o Goberno municipal se implique e axude a axilizar os trámites legais necesarios para poder dar comezo á reparación deste aparcamento imprescindible para o barrio dos Mallos, tal e como se comprometeu a alcaldesa, debido a que máis de 500 vehículos quedaron sen praza de aparcamento, complicando a mobilidade nun barrio xa de seu complicado.

Grazas.

Décimo segundo. Rogo oral relativo ao reloxo do Obelisco.

Señor Amado de la Fuente

Son moitas as reclamacións que nos fan os veciños sobre o estado do reloxo do Obelisco que está parado desde hai unhas semanas.

Por todo iso, rogamos que se proceda á reparación do reloxo do Obelisco da Coruña coa maior celeridade posible.

Décimo terceiro. Rogo oral relativo aos floróns do cemiterio de Santo Amaro.

Outro rogo. A porta de entrada do cemiterio de Santo Amaro tiña orixinalmente catro floróns pétreos enriba do frontón. Estes elementos esenciais na decoración da devandita portada proporcionan a simetría propia

aparcamiento de Os Mallos.

Señor Deus Álvarez

Hace ya más de un mes que se produjo un incendio en el aparcamiento público de Os Mallos en el que se calcinaron algunos vehículos y casi 200 resultaron muy afectados. En la actualidad el aparcamiento se ha desalojado y se encuentra cerrado al uso.

Por ello rogamos que el Gobierno municipal se implique y ayude a agilizar los trámites legales necesarios para poder dar comienzo a la reparación de este aparcamiento imprescindible para el barrio de Os Mallos, tal y como se comprometió la alcaldesa, puesto que más de 500 vehículos se han quedado sin plaza de aparcamiento, complicando la movilidad en un barrio ya de por sí complicado.

Gracias.

Décimo segundo. Ruego oral relativo al reloj del Obelisco.

Señor Amado de la Fuente

Son muchas las reclamaciones que nos hacen los vecinos sobre el estado del reloj del Obelisco que está parado desde hace unas semanas.

Por todo ello, rogamos que se proceda a la reparación del reloj del Obelisco de La Coruña con la mayor celeridad posible.

Décimo tercero. Ruego oral relativo a los florones del cementerio de Santo Amaro.

Otro ruego. La puerta de entrada del cementerio de San Amaro tenía originalmente cuatro florones pétreos encima del frontón. Estos elementos esenciales en la decoración de dicha portada proporcionan la simetría propia del



da arte neoclásica.

Hai tres ou catro anos, con motivo da caída dunha árbore, caeron e foron almacenados en dependencias municipais.

Por tanto, rogamos que o Concello proceda á restauración e reinstalación dos floróns pétreos da fachada do cemiterio municipal de Santo Amaro o máis axiña posible.

Moitas grazas.

Presidencia

Ben, pois moitas grazas.

Remata aquí o Pleno ordinario.

Ó non haber máis asuntos que tratar, e ás catorce horas e vinte e un minutos, a Presidencia remata a sesión, e se redacta a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía Presidencia e o secretario xeral; todo elo consonte co disposto no artigo 110.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

arte neoclásico.

Hace tres o cuatro años, con motivo de la caída de un árbol, se cayeron y fueron almacenados en dependencias municipales.

Por lo tanto, rogamos que el Ayuntamiento proceda a la restauración e reinstalación de los florones pétreos de la fachada del cementerio municipal de San Amaro a la mayor brevedad posible.

Muchas gracias.

Presidencia

Bien, pues muchas gracias.

Finaliza aquí el Pleno ordinario.

No habiendo más asuntos que tratar, a las catorce horas y veintiún minutos, la Presidencia levanta la sesión, y se redacta la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía Presidencia y el secretario general; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 110.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.



CONVENIO DE EXECUCIÓN URBANÍSTICA PARA A REGULARIZACIÓN DO VIARIO, INSTALACIÓNS E SERVIZOS DO POLIGONO DE POCOMACO

Na Coruña, a xx de xx de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, dona **INÉS REY GARCÍA**, que actúa en calidade de alcaldesa do Concello da Coruña (en adiante, O CONCELO), con CIF P1503000J, no exercicio das facultades de representación que ten atribuídas polo artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

Doutra parte, dona **LUCÍA LÓPEZ TEJEIRA**, con NIF *****, que actúa na súa calidade de presidenta da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO POLÍGONO DE POCOMACO (en adiante, A COMUNIDADE), condición que acredita mediante *****.

Ambas as partes recoñécense reciprocamente as súas respectivas capacidades para asinar este documento sen prexuízo das competencias dos órganos correspondentes segundo as normas aplicables e as normas de organización interna das entidades interesadas.

Actúa D^a. María Esther Álvarez Martínez, oficial maior do Concello da Coruña, para dar fe do acto, de acordo coas facultades que lle son propias de conformidade co previsto no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, e Disposición adicional oitava, apartado d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

MANIFESTAN

I. O ESTADO DA CUESTIÓN.

Este documento está elaborado no contexto da problemática derivada da especial situación que presentan as vías, redes de servizos e elementos anexos do POLÍGONO DE POCOMACO, sobre os que a COMUNIDADE mantén un dereito de propiedade exclusivo.



II. ANTECEDENTES NORMATIVOS E ADMINISTRATIVOS DO POLÍGONO

1.- SOBRE A ORIXE DO POLÍGONO DE POCOMACO: ORDENACIÓN

A implantación do POLÍGONO DE POCOMACO (en adiante, O POLÍGONO) deriva do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado por Orde Ministerial do 30 de novembro de 1966 (BOE nº 8 de 10/1/1967), cuxo desenvolvemento se produciu por medio de Plan Parcial aprobado definitivamente por resolución do Ministerio de Vivenda de 2 de decembro de 1969, cuxas ordenanzas foron obxecto de modificación segundo Proxecto de Modificación de Ordenanzas do Polígono Comercial Emilio Fernández, aprobado definitivamente segundo acordo publicado no Boletín da Provincia de 28 de febreiro de 1978.

Do contido da dita ordenación cabe destacar os seguintes particulares:

A) No Plano P2.8 Zonificación do documento do PXOU/1967 parte dos terreos atopábanse clasificados como solo rústico e parte Z-13 “Zonas de Vivendas Pendentes de Plan Parcial”.

B) A recondución do uso residencial cara o comercial produciuse mediante o Plan parcial do que destacaremos:

- A constitución dunha reserva para “zona verde” cunha superficie de 112.295 m² (Sector “J”), cuxo emprazamento se referenciaba nas ordenanzas reguladoras do seguinte modo: “No artigo 4.1 da ordenanza que se acompañou ao Plan Parcial non está sinalada dunha forma precisa a superficie destinada a zona verde, pois se entende que a mesma vén determinada pola topografía do terreo que compón o polígono, no que se ve que existe un outeiro que non é posible o seu aproveitamento para naves comerciais, pois só na súa parte inferior podería dispoñerse dalgunha caseta de exposición, facéndose necesario no outeiro, sinalado polas curvas de nivel, na zona verde reservada a especie arbórea do país, etcétera”.



- A cualificación para usos lucrativos dun total de 478.374 m² divididos en varios sectores identificados como “A”, “B”, “C”, “D”, “E”, “F”, “G”, “H” e “I”.
- A reserva de espazos destinados ao sistema viario cunha superficie de 82.630 m².
- A reserva de sendas bandas laterais ao viario, cunha superficie de 43.008 m², coa cualificación de espazos libres destinados á implantación e trazado dos servizos.
- E a reserva á súa vez dunha superficie destinada a apeadeiro de ferrocarril cunha superficie de 11.503 m².

2. EN CANTO Á EXECUCIÓN DO POLÍGONO

2.1.- A execución do POLÍGONO fíxose polo sistema de expropiación de conformidade co que dispoñían ao respecto os artigos 121 a 123 da Lei do Solo de 12 de maio de 1956, o cal foi asumido en concepto de beneficiario pola “AGRUPACIÓN SINDICAL DE POCOMACO” de cuxa xestión consta a adquisición de 641 fincas que estaban comprendidas no perímetro do Polígono, por “transacción amigable cos propietarios” quedando unicamente 10 parcelas que, por ignorado paradiro dos seus propietarios, houbo que adquirir polo trámite de ocupación, previo depósito do seu importe na Caixa Xeral do Concello.

2.2.- Con data 7 de marzo de 1973 obtívose a correspondente licenza municipal co obxecto de realizar “calicatas” e movemento de terras co fin de preparar o terreo para as obras de urbanización.

2.3.- Consta a redacción dun proxecto de urbanización elaborado polo arquitecto J.M Iglesias Atocha e por V. Solórzano Galego, con entrada no rexistro municipal o 02/12/1974. O proxecto de urbanización foi aprobado definitivamente pola Comisión provincial de Urbanismo do Ministerio de Vivenda o 26 de abril de 1976, exclusivamente no que se refire ás obras de urbanización.

2.4.- Á data actual, non consta que por parte da entidade beneficiaria do expediente de expropiación forzosa se realizara o cumprimento das obrigas previstas no artigo 123 da Lei do Solo de 1956, aplicable *ratione temporis*, que dispoñía que: “En todo caso, será a cargo do



beneficiario da expropiación a cesión dos terreos viais e dos dedicados a parques e xardíns e a execución de todas as obras de urbanización”.

A efectos de regularizar a situación xurídica dos viais, procede recordar as obrigas establecidas na actual lexislación urbanística, que levan consigo non só os deberes de cesión, senón que inclúen os deberes de urbanización con todos os servizos urbanísticos ata que adquiran a condición de solar (artigos 20.b) e 21.c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

III. O TRATAMENTO DO POLÍGONO NOS PLANEAMENTOS SUCESIVOS

1.- O Plan Xeral de Ordenación Municipal de 1985 reconece o Plan Parcial de Pocomaco, sinalando a disposición adicional primeira, no seu apartado 2º que: “A xestión e execución destes plans parciais desenvolverase, en todo caso, dentro do seu propio ámbito territorial, quedando afecto a totalidade do solo ao cumprimento das súas determinacións”.

2.- No PXOM/1998 os terreos atopábanse clasificados como solo urbano consolidado, pero se inclúe como “solo urbano non consolidado” parte das parcelas do acceso desde Mesoiro que orixinalmente estaban no ámbito do Plan Parcial.

3.- No vixente PXOM/2013 os terreos comprendidos no antigo Plan Parcial de Pocomaco, atópanse distribuídos con distintas categorías de solo:

- Unha peza situada ao norte clasificada como solo urbano non consolidado (Polígono K.39) cunha superficie total de 104.873 m², dos cales se destinan a espazo libre público 95.299 m², que se correspondería co Sector “J” da ordenación orixinal.

A superficie edificable resultante deste ámbito quedaría limitada a 4.012,51 m² que será obxecto de desenvolvemento independente segundo o disposto no PXOM.

- A parte xa edificada do polígono, cos seus correspondentes viais, que se clasifica como solo urbano consolidado coa cualificación correspondente á Norma Zonal 6.4.



- E unha franxa que circunda polo norte e oeste a bolsa composta por ambas pezas, que ten a cualificación de RF (rede ferroviaria) e un viario lindeiro, onde se empraza o antes citado “apeadeiro”.

4.- Adicionalmente, hai que ter en conta a determinación 3.2.1.g) das Directrices de Ordenación do Territorio, aprobadas por Decreto da Xunta de Galicia 19/2011, de 10 de febreiro, que dispoñen: “A planificación das áreas empresariais e dos espazos para actividades económicas, tanto por ser de nova construción como por reconversión dos existentes, deberá facerse desde a perspectiva da ecoloxía industrial co fin de buscar a eficiencia e contribuír ao desenvolvemento sostible”. Neste sentido resulta de interese a integración e relación co Polígono de Pocomaco, da obtención dos terreos identificados na acción identificada como EG-30 “Espazo Libre Mesoiro” no vixente PGOM/2013 como “solo urbano non consolidado”, coa cualificación de espazo libre público e situados ao suroeste do citado polígono.

IV. A SITUACIÓN XURÍDICA-PATRIMONIAL: SITUACIÓNS ESPECIAIS.

Cómpre sinalar que a día de hoxe, máis de cincuenta anos dende que se iniciou o desenvolvemento da zona, a cesión das vías e redes de servizos do polígono, cos seus elementos accesorios, aínda non foi formalizada a prol do Concello, asumindo a Comunidade de Propietarios de Pocomaco os gastos de mantemento como entidade administrativa de conservación.

Outra situación xurídico-patrimonial digna de ser destacada para os efectos deste documento é a xa sinalada dunha parcela inicialmente clasificada como zona verde, entón incluída no polígono como sector “J”, que hoxe forma parte dunha zona de solo urbano non consolidado con clasificación de residencial e zona verde no ámbito do polígono K 39 do vixente PXOM, a executar polo sistema de compensación.

E, para dar solución definitiva aos problemas que o polígono viña presentando en relación coas devanditas circunstancias, comparecen as partes no uso das súas respectivas facultades, e sen prexuízo dos acordos que houbera que adoptar por mor das regras de competencia tanto administrativas como civís, as partes asinantes veñen a FORMALIZAR o seguinte



CONVENIO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMIENTO URBANÍSTICO

Conforme ás seguintes **CLÁUSULAS**.

PRIMEIRA.- DECLARACIÓN DE INTERESE PÚBLICO

O CONCELLO da Coruña declara de interese público a demanialización das vías, redes e instalacións do POLÍGONO, a día de hoxe propiedade da COMUNIDADE, derivando o devandito interese público tanto do vixente PXOM/2013 como da actual integración na cidade do POLÍGONO, logrando así como a funcionalidade das súas instalacións e a súa conexión con ámbitos limítrofes.

A firma do presente convenio non supón a renuncia a ningún dos instrumentos que a lexislación pon ao alcance do Concello para facer efectiva a formalización da demanialización no caso de que finalmente se produza a frustración deste convenio.

A COMUNIDADE recoñece e acepta a necesidade de que a formalización desta demanialidade se realice nos termos aquí establecidos.

SEGUNDA.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto a integración definitiva no dominio público municipal das vías, redes de servizos e elementos accesorios, que terá lugar nos termos e condicións aquí regulados.

A integración aquí pactada afectará á totalidade dos terreos situados fóra de aliñacións oficiais establecidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2013, coas seguintes medicións segundo o plano de cesións de data novembro 2021, que se xunta como ANEXO I a este convenio.

- Zona de camiños de servizo: 2.002 m².

- Viais: 88.711 m². Esta superficie comprende as bandas rodantes coas súas cabeceiras e as súas beirarrúas/beiravías, cunha dimensión aproximada de 3,50+3,50 metros de calzada + 3,00



+3,00 de beiravía a cada lado. Non se inclúe entre estas o existente entre os terreos destinados ao sistema ferroviario e a superficie sinalada como apeadeiro no plano do Plan Parcial, identificada no plano que se xunta como anexo, como «zona de praia de descarga apartadeiro ferroviario».

- Zonas de servizos: Formadas por dúas bandas laterais que discorren entre as canalizacións de servizo cunha sección aproximada de entre 4,00, 4,20 e 4,70 metros contados desde a liña exterior do vial, que suman unha superficie de 43.008 m².

2.- A formalización da titularidade do CONCELLO sobre os ditos terreos e elementos accesorios, que se efectuará de forma gratuíta e libre de cargas e gravames, realizarase mediante acta de recepción, que se formalizará unha vez cumpridas as condicións estipuladas na CLAUSULA TERCEIRA, e con plenos efectos desde o cumprimento da última delas. O concello asumirá, a partir dese momento e sen prexuízo do dispositivo na CLÁUSULA SÉTIMA 1, plenos poderes sobre os bens e instalacións obxecto do convenio.

TERCEIRA.- CONDICIÓN PREVIAS PARA O DESPREGAMENTO DOS PLENOS EFECTOS DO CONVENIO E COMPROMISOS DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE POCOMACO

1.- A integración no dominio público dos elementos a que se refire este CONVENIO producirase de dende a sinatura da acta de recepción dos bens, instalacións e servizos por parte do Concello, sen prexuízo da súa formalización segundo o recollido na CLÁUSULA SEGUNDA 2, co cumprimento efectivo por parte da COMUNIDADE das seguintes condicións:

1.1.- O ingreso a favor do Concello pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE POCOMACO, ou a presentación de garantía equivalente nos termos previstos na Lei de Contratos do Sector Público, por un importe de 231.546,54 euros, cuxa disposición estará vinculada á execución da actuación expropiatoria EG.30 "Espazo Libre Mesoiro" do vixente PXOM/2013, identificada no plano G.1 de Xestión de Solo como EG.31 (excluídos os correspondentes ás instalacións existentes de REPSOL BUTANO, parcela catastral 6984901NH4968S0001UM), segundo a delimitación resultante do proxecto de expropiación a que se refire a CLÁUSULA CUARTA 1.1. O prazo máximo para cumprir esta condición será de TRES MESES desde o perfeccionamento do



presente convenio, coas consecuencias previstas na CLÁUSULA SÉTIMA apartados 2º en caso de incumprimento.

Achégase como ANEXO 2 a este convenio, unha copia da ficha do PXOM/2013 correspondente á acción expropiatoria EG-30.

O anterior ingreso o efectúa a COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE POCOMACO para os efectos do sinalado na determinación 3.2.1.g) das Directrices de Ordenación do Territorio, aprobadas por Decreto da Xunta de Galicia 19/2011, de 10 de febreiro.

1.2.- A presentación por parte da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE POCOMACO da garantía nos termos da lexislación de contratación pública polo importe que resulte do presuposto de execución material do proxecto, que se vinculará á execución das obras de acceso peonil e itinerario de tránsito libre de obstáculos, segundo o plano indicativo adxunto. Esta garantía presentarase no prazo máximo de TRES MESES desde o perfeccionamento deste CONVENIO, procedendo a súa cancelación unha vez acreditada a execución das ditas obras.

A execución das ditas obras será competencia exclusiva da COMUNIDADE, que deberá presentar ante o CONCELO, no prazo máximo de TRES MESES dende o perfeccionamento do presente convenio, un PROXECTO asinado por técnico competente no que se incluírá un plan de etapas para a súa execución por fases, cun máximo de DOUS ANOS para o seu remate. Antes do inicio das obras o dito proxecto deberá contar coa conformidade municipal.

As ditas obras serán obxecto de supervisión municipal e ata que estean rematadas e existan itinerarios seguros peonís non se poderá dotar ao polígono do servizo de transporte público de viaxeiros.

Por outra banda, naqueles viais nos que sexa necesaria unha renovación do firme esta levarase a cabo de xeito gradual nos anos seguintes, dada a superficie viaria existente.

1.3.- A presentación pola COMUNIDADE dunha garantía nos termos previstos na lexislación de contratación pública polo importe que resulte do presuposto de execución material do proxecto,



que se vinculará ás obras de mellora da rede de iluminación do POLÍGONO segundo se detalla na MEMORIA ANEXA cuxas determinacións se consideran como melloras respecto do que sería un mantemento óptimo das instalacións orixinais por parte da COMUNIDADE.

A execución das ditas obras será competencia exclusiva da COMUNIDADE, que deberá presentar ante o CONCELLO, no prazo máximo de TRES MESES dende o perfeccionamento do presente convenio, un PROXECTO asinado por técnico competente no que se incluírá un plan de etapas para a súa execución por fases, cun prazo máximo de TRINTA E NOVE MESES para o seu remate. Antes do inicio das obras o dito proxecto deberá contar coa conformidade municipal. As ditas obras serán obxecto de supervisión municipal. A presentación do dito PROXECTO deberá ir acompañada da garantía anteriormente sinalada.

En todo caso, os traballos a executar en materia de iluminación pública realizaranse conforme aos regulamentos vixentes e ás instrucións municipais, coa particularidade de que aos centros de mando da instalación só se lles esixirá o cumprimento do vixente regulamento electrotécnico de baixa tensión. Cada centro de mando de iluminación disporá do oportuno CIE conformado pola Consellería de Industria e certificados OCA que acrediten que a instalación se axusta ao vixente regulamento electrotécnico de baixa tensión. Ademais, para que o Concello poida facer o cambio de titularidade das subministracións de iluminación pública do polígono, achegaranse senllos xustificantes de aboamento da factura eléctrica de cada un dos centros de mando de iluminación do polígono.

1.4. As ditas garantías depositadas serán susceptibles da súa devolución parcial, logo da recepción parcial polo Concello daquelas partes da obra susceptibles de ser executadas por fases, para os efectos de que poidan ser entregadas ao uso público, consonte ao previsto no artigo 231 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o Regulamento da Lei do Solo.

CUARTA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DA CORUÑA

1.- No ámbito deste convenio e do seu exacto cumprimento, o CONCELLO asume os seguintes compromisos de futuro:



1.1.- Incoar o expediente de expropiación correspondente á actuación EG.30 “Espazo Libre Mesoiro” do vixente PXOM/2013, identificado no plano G.1 de Xestión de Solo como EG.31 (excluídas as correspondentes ás instalacións existentes de REPSOL BUTANO).

A dita incoación producirase mediante a aprobación inicial do proxecto de expropiación que deberá acordarse no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte ao depósito ou constitución de garantía segundo o disposto na CLÁUSULA TERCEIRA 1.

No tratamento desa zona verde coidarase de garantir os accesos necesarios para a correcta funcionalidade do edificio social a construír e das naves e instalacións preexistentes.

1.2.- Estudar e analizar a actual cualificación do solo, con respecto á existencia da afección do trazado da AC-14 e a posibilidade da creación de espazos de aparcamento na citada contorna, previa conformidade do titular da citada vía.

1.3.- Realizar no prazo de catro anos, consonte ás dispoñibilidades orzamentarias, investimentos de modernización e actualización do polígono, executando obras de mellora do pavimento, do saneamento e a instalación de mobiliario urbano, en todo aquilo que non sexa de obriga da Comunidade de Propietarios de Pocomaco segundo o disposto na cláusula terceira e na disposición transitoria.

1.4.- Reordenar o sistema de aparcamentos co fin de optimizar un maior número destas dotacións e xerar unha maior seguridade viaria e peonil, estudando as distintas formas de mobilidade sostible.

1.5.- Solicitar nas correspondentes convocatorias de subvencións todas aquelas que contribúan á modernización e actualización do Polígono e das súas instalacións e de forma singular todas as relativas á mellora da eficiencia enerxética.

1.6.- Solicitar directamente ou a través das entidades determinadas na correspondente convocatoria de subvencións ou das Administracións Públicas correspondentes, as axudas correspondentes que permitan alcanzar melloras nas infraestruturas e dotacións do polígono,



incluído o soterramento de liñas eléctricas. A execución destas actuacións poderá coordinarse, no seu caso, mediante acordos ou convenios adicionais de execución co Concello.

1.7.- Impulsar a tramitación das licenzas urbanísticas e de vaos dende o perfeccionamento do presente convenio, unha vez acreditado o cumprimento das obrigas da Comunidade de Propietarios de Pocomaco consonte ao previsto na cláusula terceira, con respecto ao ingreso previsto e á presentación dos proxectos e garantías sinaladas na dita cláusula.

QUINTA.- COMPROMISOS ADICIONAIS DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE POCOMACO

1.- Nos procesos de edificación, o propietario da parcela ou a Comunidade de Propietarios do Polígono en función da magnitude da actuación, comprométense a trasladar as redes de servizos que puidesen existir na parcela privada ao dominio público situado fóra das aliñacións oficiais e á súa conexión coa rede xeral pública. Mentres o citado traslado non se produza, de existir redes de servizos públicos no interior das parcelas, a propiedade mostra a súa expreso consentimento ao acceso para os labores de mantemento e reparación que sexan necesarias.

Así mesmo, nos retranqueos correspondentes a aliñación oficial, poden implantarse servizos necesarios para o polígono.

2.- Solicitar directamente ou a través das entidades determinadas na correspondente convocatoria de subvencións ou das Administracións Públicas correspondentes, as axudas correspondentes que permitan alcanzar melloras nas infraestruturas e dotacións do polígono, incluído o soterramento de liñas eléctricas. A execución destas actuacións poderá coordinarse, no seu caso, mediante acordos ou convenios adicionais de execución co Concello.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

As discrepancias que xurdan na interpretación do presente convenio resolveranse por unha Comisión de Seguimento, que estará presidida polo concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Urbana do Concello da Coruña e completarána catro vogais, dous en representación do Concello da Coruña e dous en representación da Comunidade de Propietarios de Pocomaco.



Adicionalmente, actuará como secretario da Comisión un funcionario do Concello da Coruña designado polo concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, que deixará constancia mediante acta, das deliberacións e acordos que procedan. Así mesmo, os representantes das partes, poderán acudir asistidas de persoal técnico.

O Concello da Coruña comprométese a informar á citada Comisión de Seguimento do contido dos acordos relativos aos asuntos referidos neste Convenio que vaian ser adoptados polos órganos de goberno municipais.

SÉPTIMA.- EXTINCIÓN

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto o por incorrer en causa de resolución.

1.- Para os efectos anteriormente sinalados, o convenio entenderase definitivamente cumprido, en canto á formalización da demanialidade dos bens e elementos afectados, co cumprimento por parte da COMUNIDADE das obrigas recollidas na CLÁUSULA TERCEIRA. Non obstante, o mantemento e gastos de subministración correspondente á rede de iluminación correrá a cargo da COMUNIDADE ata que se executen as obras a que se refire a CLÁUSULA TERCEIRA 1.3 e sexan recibidas polo CONCELLO en condicións de plena autonomía que o fagan posible. O anterior, sen prexuízo das obrigas da entidade de conservación do polígono consonte á disposición transitoria.

2.- Será causa de resolución do presente convenio a non presentación por parte da COMUNIDADE de depósitos ou garantías conforme o disposto e nos termos previstos na CLÁUSULA TERCEIRA. A declaración de resolución por incumprimento será acordada polo CONCELLO, en expediente contradictorio e suporá a recuperación das súas plenas facultades para, se é o caso, a formalización da demanialización polo procedemento correspondente dos bens e elementos que considere vinculados ao interese xeral.

Igualmente, serán causa de resolución do convenio:



- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo, cando non foran cumpridas todas as obrigas das partes.
- b) O acordo expreso das partes que subscriben o convenio.

3.- Os incumprimentos a que se refiren as obrigas que se sinalan na CLÁUSULA TERCEIRA 1.2 e 1.3 habilitarán ao CONCELLO para acordar, en expediente contradictorio, o embargo das garantías prestadas, e a posterior execución das obras a cargo da COMUNIDADE a quen se lle repercutirán os gastos adicionais que se poidan producir no proceso de contratación, que se satisfarán mediante cotas de urbanización liquidadas aos integrantes da Comunidade de Propietarios de Pocomaco.

4.- O incumprimento por parte do CONCELLO do compromiso recollido na CLÁUSULA CUARTA 1.1 determinará o dereito da COMUNIDADE a cancelación e a devolución da garantía constituída ou á devolución dos ingresos realizados.

OITAVO.- VIXENCIA

O presente convenio ten natureza administrativa e unha vixencia de catro anos contados a partir do día seguinte á data do seu perfeccionamento, podendo acordar antes da citada expiración do prazo as partes de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

NOVENA.- DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

A Comunidade de Propietarios do Polígono de Pocomaco actualmente constituída pasará a ter natureza de entidade urbanística de conservación, consonte ao previsto nos artigos 232.3º e 4º e 233 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o Regulamento da Lei do Solo, regulándose polos seus vixentes Estatutos que se incorporan como anexo 3 a este convenio, sen prexuízo de que o Concello asumirá dende a acta de recepción prevista na Cláusula 2ª.2, a prestación dos seguintes servizos:



